



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recoñece a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A Dirección Xeral de Promoción da Igualdade de conformidade coa Resolución do 29 de maio de 2025, da Secretaría de Estado de Igualdad y para la Erradicación de la Violencia contra las Mujeres, (BOE nº 133 de 3 de xuño) publícase o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdad, de 23 de maio de 2025, polo que se fixan os criterios de distribución ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, así como a distribución resultante, do crédito destinado no ano 2025 ao desenvolvemento do Plan Corresponsables.





O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos finalistas asignados á Comunidade Autónoma de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade, no que se encadra o presente convenio de colaboración coa Asociación Club Praia de Pantín para o cumprimento do Plan Corresponsables.

O Club Praia de Pantín é unha asociación constituída o 20 de Xuño de 2008 en Pantín, A Coruña é o coordinador de todos os eventos de ámbito Internacional encadrados dentro da rede Mundial de eventos da World Surf League nos que o Club mantén a exclusividade, xa concedida en anos anteriores, para a súa organización na Comunidade Autónoma Galega.

Tamén é a entidade que organiza os “Espazos de Conciliación” onde se realizan os eventos deportivos, nos que se fomenta a práctica deportiva e de xeito transversal promóvese unha educación en igualdade en execución de diferentes accións no marco do Plan Corresponsables.

Para o cumprimento deste obxectivo do Plan Corresponsables a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto asinar un convenio de colaboración ca Asociación Club Praia de Pantín para desenvolver o programa dos “Espazos de Conciliación”, dirixido aos menores de entre 4 e ata 16 anos e as súas familias, co obxecto de favorecer a conciliación familiar e os coidados, no marco dos eventos do circuíto mundial da World Surf League (WSL) que se celebran durante os meses de xuño a setembro do 2025 en Galicia. A través destas actuacións se desenvolven algunhas das medidas previstas no Plan Corresponsables.

A través deste programa de “Espazos de Conciliación” realizaranse diferentes actividades complementarias na celebración destes eventos internacionais de surf, da man de persoal cualificado cunha metodoloxía onde a través da práctica deportiva se fomenta a socialización, a educación en valores de respecto e solidariedade e incidindo de xeito transversal nunha educación en igualdade e corresponsabilidade.

Cada un dos campionatos internacionais, celébrase no entorno natural das praias onde se desenvolverá o programa de “Espazos de Conciliación ” que precisa da colocación de estruturas móbiles que se instalarán ao efecto, e que desaparecerán ao termo das mesmas, garantindo o mantemento das praias nas mesmas condicións iniciais.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos dos sector público, pola que se transpoñen



ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, ten as competencias en materia de fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal, estima polo tanto oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Club Praia de Pantín para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é desenvolver o Plan Corresponsables en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

